

Asociación cultural Ó!

Corporacións Municipais, 40
5º A 27780 Foz (Lugo)
www.ocultural.es
asociación.cultural.o@gmail.com
686 41 14 79



Ó!

Interxección.

Exclamación que expresa diversas impresiões como sorpresa, admiración, asombro, pena, alegría,...

Ó, que fermoso!

Ó, que que mala sorte!

Ó!, é unha expresión que resume claramente este sentir tan noso. **Ó!** éo todo: a resposta, a pregunta, a afirmación, a negación, a palabra, a identidade, a alegría, o soño, a esperanza, a tristeza... é todo o que se pode mirar e imaxinar. O seu significado responde a subxectividade coa que se manifieste ou coa que se reciba. Hai que interpretalo, hai que sentilo e hai que vivilo. Unha esixencia natural que concorda co modo co que un debe achegarse a calquer modo de expresión cultural. **Ó!**, polo tanto, é cultura, a nosa cultura, expresada do modo máis sinxelo, poético, identificador e fermoso posible.

É por iso que **Ó!** tiña que ser o nome da nosa recién nacida institución dado que, dende o primeiro momento, a nosa idea era a de crear un instrumento sen ánimo de lucro que permitise aos seus socios realizar toda clase de accións que sirvan para a defensa e promoción da nosa cultura. De ahí que o nome derradeiro da nosa asociación sexa **Ó!Cultural**.

Ó!Cultural é, polo tanto, unha asociación sen ánimo de lucro que ten os seguintes obxectivos establecidos nos seus estatutos:

- Fomentar, apoiar ou encabezar a promoción, produción, realización e exposición de toda forma de expresión artístico-cultural galega que se adecue as ideas e intereses tanto da asociación coma dos asociados.
- Proporcionar toda clase de axuda e colaboración aos diferentes elementos culturais da nosa comunidade en cada un dos diferentes apartados que a compoñen (audiovisual, música, literatura, deseño, cómic,...)
- Acercar a cultura ao pobo coa finalidade tanto de satisfacer as súas necesidades como de promover a profesionalización de cada artista que representa as tendencias culturais apoiadas pola asociación.
- Crear emprego cultural.
- Descubrir e axudar a novos talentos culturais de Galicia.

Estes obxectivos, polo tanto, deberanse perseguir a través da realización de diferentes accións encabezadas pola asociación e que poden traducirse en tantos formatos como un poida imaxinar pero que tamén intentamos resumir nos nosos estatutos do seguinte modo:

- Organización de toda clase de actividades socio-culturais, lúdicas,...
- Organización de toda clase de actividades formativas dentro do ámbito cultural-artístico galego.
- Elaboración de materiais formativos, revistas, folletos, fanzines, webs, blogs... e calquera clase de elemento divulgativo que a asociación considere axeitado para acadar os obxectivos da asociación.
- Deseño e execución de todas as accións necesarias para a consecución da satisfacción dos socios/receptores.
- Fomento das relacións constantes coa administración pública, empresas privadas ou asociacións non lucrativas que permitan acadar do mellor xeito posible os obxectivos da asociación.
- Promoción e difusión das modalidades de autoemprego e colaboración permanente con cada un dos asociados que decidan o uso desta vía.
- Búsqueda de puntos de encontro entre profesionais e afeccionados das diferentes ramas da cultura realizada en Galicia.

En resumo, **Ó!Cultural** é unha asociación cultural sen ánimo de lucro que ten por finalidade a defensa da cultura galega, tanto no seu nacemento e conservación coma na súa profesionalización, a través da creación, divulgación ou exposición das inquedanzas culturais tanto dos artistas galegos como dos seus socios, coa única pretensión de arrancar un **Ó!**, signifique o que signifique, de cada persoa disposta a acudir a nosa chamada.